


BOLETÍN INFORMATIVO ELECTRÓNICO ESPECIALIZADO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORÁIS



FEAGA
FEDERACIÓN
DE AUTÓNOMOS
DE GALICIA

FEAGA é unha organización sen ánimo de lucro, formada por Asociacións de Traballadores Autónomos, Pequenas e Medias Empresas e Comerciantes. Presta servizos aos asociados en materia de asesoramento, formación apoio e creación de empresas. Realiza xornadas, congresos, seminarios e organiza unha feira anual multisectorial, entre outras.

Nos seus estatutos FEAGA recolle que prestará especial atención á seguridade e saúde laboral, á prevención de riscos laborais.

En razón diso é que FEAGA vén participando nos programas de fomento da prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, que a Consellería de Traballo e Benestar organiza anualmente.

I. NORMATIVA:

A normativa de PRL obriga a implantar un modelo organizativo en todos os niveis xerárquicos da empresa. Todos os niveis xerárquicos teñen a obriga de aplicar a prevención de riscos laborais na actividade que realicen ou ordenen e nas decisións que adopten.

Para a realización de determinadas actividades preventivas necesítase un nivel de especialización na materia. Este nivel de especialización non é esixible ás persoas que habitualmente forman parte da xerarquía da empresa, pero a normativa se esixe a asignación destas actividades.

Para a asignación destas actividades xa sexa a unha persoa ou organización establécense unha serie de opcións para que como empresarios poidamos elixir en función: do n.º de traballadores, da realización de actividades perigosas ou nocivas e do nivel de complexidade das actividades desenvolvidas.

As opcións das que dispón o empresario son as seguintes:

- Podemos asumir de forma persoal a realización da actividade preventiva en caso de que a empresa teña menos de 6 traballadores, desenvolvamos a actividade no devandito centro de traballo, dispoñamos da formación acreditada necesaria e que a empresa non estea incluída no listado do Anexo I do Regulamento dos Servizos de Prevención.
- Podemos designar un ou varios traballadores que deberán ser formados para as tarefas a desenvolver.
- Podemos organizar un Servizo de Prevención Propio. Isto é obrigatorio para empresas a partir de 500 traballadores e para empresas con 250 traballadores que realicen actividades incluídas no Anexo I do Regulamento dos Servizos de Prevención.
- Podemos recorrer a un servizo de prevención alleo.

BOLETÍN INFORMATIVO ELECTRÓNICO ESPECIALIZADO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORÁIS



Marcelo Oviedo, Técnico en PRL de FEAGA nunha das charlas na Estrada



Francisco Javier Pérez Bello, Presidente de FEAGA na Feira de Monforte xunto ao stand de PRL

II.ACCIÓNS:

No ano en curso, dentro do **Programa da Consellería de Traballo e Benestar** denominado **"PLAN GALEGO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PARA PERSOAS TRABALLADORES 2013"**, FEAGA colabora con múltiples accións, así por exemplo:

- Centro Informativo en materia de Prevención de Riscos Laborais na oficina de FEAGA Da coruña.
- Posto informativo itinerante onde se entregan manuais de autoemprego, manuais para o fomento da prevención de riscos laborais entre autónomos, paneis e carteis informativos e edición de guías técnicas sectoriais para PEME;
- Presenza en Feiras Multisectoriais e Específicas sobre PRL;
- Charlas informativas a desenvolverse en Monforte, Ourense, A Garda, A Coruña, Lugo e Bergondo;
- Sección informativa sobre PRL no Boletín informativo de Los Autónomos editado por FEAGA;
- Progama de raio, "A VOZ DOUS AUTÓNOMOS" en Raio Liberdade, con microespazo dedicado a PRL.




Odilo Martiñá, Director Xeral de Traballo e Economía Social na inauguración da Feira PREISEL 2013 en Expo Ourense.



Xornada informativa sobre PRL durante a Convención de Presidentes de Asociacións, no Pazo de Mariñán, A Coruña.

BOLETÍN INFORMATIVO ELECTRÓNICO ESPECIALIZADO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORÁIS



FEAGA
FEDERACIÓN
DE AUTÓNOMOS
DE GALICIA

III INFORMACIÓN DE INTERESE:

1º CANDO FACER PRL

Por todo iso os autónomos temos a obriga de xestionar a prevención de riscos laborais e de coñecer as respectivas obrigas legais. Así, superficialmente, os Autónomos sen traballadores ao seu cargo non teñen necesidade de dispoñer dunha organización que se encargue da prevención de riscos laborais, de ter unha avaliación de riscos nin dun plan de prevención de riscos.

Isto salvo que se vexan afectados pola normativa sobre coordinación de actividades empresariais. Neste caso, hai que achegar información sobre os regos que as súas actividades ou os seus equipos supoñen para os traballadores das outras empresas coas que colaboran.

Os autónomos con traballadores ao seu cargo, teñen obriga e necesidade de implementar un plan de prevención de riscos, nas mesmas condicións que calquera outro empresario.

2º COMO IMPLEMENTAR A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

No caso dos autónomos con traballadores ao seu cargo ou cando non téndoo se vexan afectados pola normativa sobre coordinación de actividades empresariais, o procedemento habitual é contratar unha empresa especializada na implementación de programas de prevención de riscos laborais, sendo unha opción moi recomendable para non asumir un exceso de tarefas que lles dificulte realizar as súas propias da súa actividade mercantil.

BOLETÍN INFORMATIVO ELECTRÓNICO ESPECIALIZADO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORÁIS

III A LEI DE PROTECCIÓN DE RISCOS LABORÁIS:

OBRIGAS QUE IMPÓN A LEI 31/1995 DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A lei de Prevención de Riscos Laborais fai referencia aos traballadores autónomos unicamente en tres dos seus artigos:


- 1.- No artigo 3.1, onde se establece que esta lei será de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das obrigas específicas que se establecen para fabricantes, importadores e subministradores, e dos dereitos e obrigas que poidan derivarse para os traballadores autónomos.
- 2.- No artigo 15.5, sobre a posibilidade que ten de concertar seguros que teñan como fin garantir como ámbito de cobertura a prevención de riscos derivados do traballo, a empresa respecto dos seus traballadores e os traballadores autónomos respecto deles mesmos.
- 3.- No artigo 24.5, cando establece que os deberes de cooperación e de información e instrución recollidos nos apartados 1 e 2 serán de aplicación respecto dos traballadores autónomos que desenvolvan actividades nos devanditos centros de traballo.

O Real Decreto 171/2004, de coordinación de actividades empresariais, desenvolve o mencionado artigo 24 de lei, expoñéndose no seu artigo 4 o deber de cooperación que teñen tamén os traballadores autónomos na aplicación da normativa de prevención de riscos laborais.



Dito deber xenérico de cooperación concrétese nunha serie de deberes ou obrigas específicas previstas no devandito artigo 4 e no 9, tales como:

- a.- Informar os riscos específicos das actividades que desenvolvan no centro de traballo que poidan afectar aos traballadores das outras empresas concorrentes no centro, en particular sobre aqueles que poidan verse agravados ou modificados por circunstancias derivadas da concorrencia de actividades.
- b.- Comunicar de inmediato toda situación de emerxencia susceptible de afectar á saúde ou a seguridade dos traballadores das empresas presentes no centro de traballo.
- c.- Informar os seus traballadores respectivos dos riscos derivados da concorrencia de actividades empresariais no mesmo centro de traballo nos termos previstos no artigo 18.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- d.- Ter a información recibida do outro empresario na avaliación dos riscos e na planificación da súa actividade preventiva ás que se refire o artigo 16 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- e.- Cumprir as instrucións a que se refire o artigo 8 dadas polo empresario titular do centro de traballo.
- f.- Comunicar os seus traballadores respectivos a información e as instrucións recibidas do empresario titular do centro de traballo nos termos previstos no artigo 18.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.



FEAGA
FEDERACIÓN
DE AUTÓNOMOS
DE GALICIA